

A ÁRBORE DE NADAL:

Un símbolo do Nadal cristián

I.- Orixe:

- A árbore foi considerado polas relixións primitivas como unha divindade. Segundo unha antiga lenda xermana, unha árbore xigantesca sostíña o mundo e nas súas ramas estaban sostidas as estrelas, a lúa e o sol. Era tamén símbolo da vida, por non perder no inverno a súa verde follaxe.
- San Bonifacio, o evanxelizador de Alemaña, atopouse co culto ás árbores. A festa principal celebrábase o 25 de decembro. O centro dese culto era ao carballo sagrado de Doar no monte Gudenberg, na provincia de Essen.
- San Bonifacio, no ano 722, quixo acabar co culto ás árbores sagradas, para poder evanxelizar a eses pobos. E para demostrarlles que ese carballo non era un deus, el mesmo machada en man, cun grupo de cristiáns, decidiu cortar o carballo sacro.
- Os moradores viron ese xesto como un desafío á súa divindade e esperaban presenciar a vinganza do seu deus ofendido, cun terrible castigo para esas persoas. Pero caeu a árbore e non pasou nada.
- San Bonifacio para acabar co culto pagán á árbore cambia a árbore sagrada pagán pola Árbore do Neno Xesús, ou a árbore de Nadal que se converte no símbolo familiar da celebración da festa de Nadal, o 25 de decembro.
- Esta celebración da Árbore de Nadal, de orixe católica, foi acollida cos protestantes a partir de Lutero, como contraposición ao belén tipicamente católico, xa que eles rexeitan o uso das imaxes.
- Xoán Paulo II, no ano 1982, introduce a Árbore na Praza de San Pedro, xunto ao Belén.

II.- Os adornos da Árbore de Nadal

E a súa mensaxe:

- Os cirios: Representan a Cristo, luz do mundo.
- As mazás: Representan as tentacións do pecado orixinal e os pecados dos homes.
- A estrela: Representa a fe que deba guiar as nosas vidas.
- As piñas: Representan a inmortalidade, a esperanza no futuro.
- As campás: Expresan o xúbilo do Nadal.

III.- Significado da Árbore de Nadal:

1.- A árbore de Nadal

e a Árbore da Vida do Edén.

- A froita e os adornos lémbrennos as grazas e dons que o ser humano tiña cando vivía no Paraíso Terreal, en amizade con Deus.
- Polo nacemento de Cristo, renecemos e temos acceso á plenitude da vida.
- A árbore de Nadal conmemora o froito da salvación.
- Os adornos da árbore e as luces representan o novo estado paradisíaco traído por Cristo: a natureza restaurada e engalanada para recibir, en Nadal, ao Cristo liberador.

2.- Da Árbore do Edén

á árbore da Cruz.

- A Árbore de Nadal representa tamén esa árbore que nace e que co tempo madurará nunha gran árbore do cal sairá a cruz, como nos lembra a liturxia do Venres Santo.
- Podemos dicir que dalgunha maneira a Árbore de Nadal lémbrenos a redención.
- As luces representan a luz do Cristo Resucitado na nosa vida, e a estrela representa á estrela de Belén que anuncia o inicio da redención da humanidade.

IV.- A mensaxe da Árbore de Nadal

segundo Xoán Paulo II:

- *"A árbore chea de adornos, colocado na praza de San Pedro preto do belén convidanos a pensar no paraíso, na Árbore da Vida e tamén na Árbore do coñecemento do Ben e do Mal.*
- *Co nacemento do Fillo de Deus comezou unha nova creación.*
- *O primeiro Adán quixo ser coma Deus e comeu da árbore do coñecemento. Xesucristo, o novo Adán, era Deus e a pesar da súa condición divina, non fixo alarde da súa categoría de Deus.*
- *Desposuíuse do seu rango pasando por un de tantos, desde o nacemento ata a morte, desde o presebe ata a cruz.*
- *A árbore do paraíso trouxo a morte; da árbore da cruz xurdiu a vida.*
- *A árbore está preto do belén e indica a cruz, a árbore da vida.*
- *A Árbore do Paraíso trouxo a morte, da Árbore da Cruz xurdiu a vida". (Xoán Paulo II, o 19 de decembro de 1998, á Igrexa de Friburgo ante o abeto que lle regalaban)*